



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- A Coruña)

www.vilasantar.gal

Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, na data da sinatura electrónica deste documento, en presenza da secretaria deste concello emito a seguinte resolución:

Expediente número: 2026/D001/000001

Asunto: Aprobación Bases e convocatoria do Entroido 2026

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 23 da Lei Xeral de Subvencións, directamente aplicable ás entidades locais e en base ao cal se establece o réxime xurídico das convocatorias de subvencións.

Visto que os concellos son competentes para a promoción da cultura no seu municipio e que deben entenderse incluídas todo tipo de manifestacións culturais desenvolvidas no ámbito local, en senso amplo, incluídas as festas populares propias de cada localidade en base á normativa vixente no ámbito cultural en conexión co principio de autonomía local.

Vista a ampla importancia da festividade do Entroido no Concello de Vilasantar, que se ven desenvolvendo ano tras ano durante décadas.

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- A Coruña)

www.vilasantar.gal

da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción da cultura.

Visto o informe emitido pola Secretaría con data 19-01-2026, e o informe de fiscalización previa pola Intervención con data 19-01-2026.

En base ás atribucións que confire o artigo 21.1 de la Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **DECRETO**:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras e a Convocatoria do concurso de disfraces do Concello de Vilasantar co seguinte contido:

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE VILASANTAR

“ENTROIDO 2026”

O concurso de disfraces do “Entroido 2026” do Concello de Vilasantar terá lugar o día **14 de febreiro de 2026 (sábado)**, a partir das **17.00 h** no pavillón polideportivo de Présaras, e rexeráse polas seguintes bases:

PRIMEIRA: Para participar é obrigatorio inscribirse previamente chamando ao Concello de Vilasantar, 981 778 169 (departamento de cultura) ou ese mesmo día no horario comprendido entre as 16:00 e as 16:30 horas, sendo precisa a súa puntualidade para axilizar as anotacións e a comprobación da música, e o comezo do desfile en tempo. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo, a música que se empregará será a que propoña a organización.

Especificarase o número de compoñentes, o lema de identificación e un representante.

SEGUNDA: Establécense dúas categorías do concurso: a) Comparsa ou grupo e b) individual ou duo.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- A Coruña)

www.vilasantar.gal

Categoría de comparsa ou grupo

1º premio: **200 euros**

2º premio: **100 euros**

3º premio: **50 euros**

Neste caso, entenderanse incluídos nesta categoría de comparsa ou grupo o conxunto de persoas formado por un mínimo de 3 compoñentes representando todos os integrantes do grupo ou comparsa un mesmo motivo.

Categoría de disfrace individual ou duo:

1º premio: **100 euros**

2º premio: **50 euros**

3º premio: **25 euros**

Nesta categoría participarán todos os demais disfraces de forma individual ou o conxunto de persoas, formando unha ou dúas persoas.

TERCEIRA: O xurado terá en conta o vestiario, a maquillaxe e a estética, a orixinalidade, a creatividade, o traballo na elaboración dos disfraces, a organización e a posta en escena, participación e interacción co público, a simpatía e a animación. A valoración farase cunha puntuación de 0 a 5 puntos, sendo 0 a de menor valor e o 5 a de maior valor.

Establécese un tempo máximo de realización da posta en escena e espectáculo, que será de 4 minutos, transcorridos os cales a música e posta en escena será parada.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- A Coruña)

www.vilasantar.gal

O xurado terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso.

Aqueles disfraces que pola súa temática resultan ofensivos, discriminatorios ou vexatorios, poderán ser excluídos da participación no desfile, a decisión do xurado.

A decisión do xurado será inapelable. E terá competencia para resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

O xurado estará formado por tres membros non participantes no concurso, designados polo Concello, mediante Resolución da alcaldía.

CUARTA: A inscrición implica o total coñecemento e aceptación das bases do concurso. O incumprimento dalgunha destas bases poderá supoñer a descalificación e baixa do concurso, a xuízo do xurado.

Os participantes que precisen de música para a actuación ou representación do espectáculo deberana traer en formato usb, e avisar no concello no momento de anotarse. A usb deberá vir claramente identificada, poñendo o propietario e o lema co que participa no concurso, e só deberá conter o tema que van interpretar. Utilizarase unha usb por cada participante que precise interpretar un tema. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo, a música que se empregará será a que propoña a organización.

QUINTA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo xurado, de maneira simbólica, xa que a efectividade do premio farase por transferencia bancaria.

Os premios poderán quedar desertos no caso de que non haxa participantes.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- A Coruña)

www.vilasantar.gal

SEXTA: para cobrar o premio os gañadores deberán de designar un representante (nome, apelidos, DNI) e facilitar no concello un número de conta (con IBAN) a seu nome para facer efectivo o ingreso, xunto cunha fotocopia do DNI. Aportarán tamén unha autorización asinada por todos os participantes maiores de idade, con indicación do nome, apelidos e dni, e sinatura. Con estes datos todos os membros integrantes do grupo/comparsa dan por autorizado ao representante para que se lle ingrese a cantidade gañadora no premio e a súa conformidade.

SEXTA: Os presentes premios serán outorgados con cargo a partida orzamentaria 33.022.699.

SEPTIMA: O Concello de Vilasantar resérvase o dereito de darlle publicidade a estas bases e o concurso a través dos medios que considere oportunos.

Este evento será gravado e fotografiado, e as fotos e imaxes poden ser publicadas nas redes sociais do Concello de Vilasantar e na páxina web do Concello. Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legais.

O responsable do tratamento de datos é o Concello de Vilasantar, con enderezo en C/ Ru, s/n, 158007 Vilasantar, A Coruña. Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, revogación do consentimento e limitación ante o Concello de Vilasantar.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- A Coruña)

www.vilasantar.gal
